

## REPASO GALEGO

### 1 Arrodea os artigos determinados e subliña os substantivos que acompañan.

A fin de semana inauguraron a biblioteca nova. Unha novidade que acaban de incorporar é unha sala que ten uns ordenadores novos para que os usuarios poidan consultar os libros de distintas bibliotecas por Internet. Teño ganas de visitala!

### 2 Completa cos artigos indeterminados (un, unha, uns, unhas) correspondentes.

- \_\_\_\_\_ lenda • \_\_\_\_\_ dicionarios • \_\_\_\_\_ páxinas • \_\_\_\_\_ volume

### 3 Localiza e subliña dous demostrativos en cada oración.

- Esta sala é moi luminosa, pero aquel cuarto é máis fresco.
- Esa muller subiu a aquel edificio de oficinas.
- Esta potaxe está demasiado salgada e ese polo non coceu abondo.
- Aquelas rapazas déronme estes folletos de publicidade.

### 4 Escribe as oracións substituíndo as formas destacadas polo posesivo axeitado.

- Este é o xoguete dela. (seu / súa)
- Os amigos de vós virán tamén ao cine. (vosos / vosa)
- Os profesores delas son moi simpáticos. (súas / seus)

### 5 Completa cos posesivos axeitados.

meu • miña • seus • túas

- A \_\_\_\_\_ tía viaxa a París a miúdo.
- Os \_\_\_\_\_ avós viven en Ribeira.
- Por que non levas as \_\_\_\_\_ lentes?
- O \_\_\_\_\_ pastel é de chocolate.

### 6. Explica en que se diferencian un posesivo e un demostrativo.

### 7. Completa con artigos determinados ou indeterminados.

- María adoptou \_\_\_\_\_ cadela que ten \_\_\_\_\_ orellas moi longas.
- \_\_\_\_\_ irmáns de Carla marcharon a \_\_\_\_\_ aldea da montaña.

- \_\_\_\_\_ contacontos contou \_\_\_\_\_ historias moi divertidas.
- Se \_\_\_\_\_ biblioteca está aberta, imos coller \_\_\_\_\_ libros.

### 8. Arrodea os demostrativos e clasifícaos .

- Este cuarto é moi luminoso, pero aquel de alí é máis fresco.
- Aquela señora vai traballar a ese edificio de oficinas.
- Esta potaxe está demasiado salgada e eses canelóns están crus.

Proximidade \_\_\_\_\_

Distancia media \_\_\_\_\_

Afastamento \_\_\_\_\_

### 9. Volve escribir as oracións cos posesivos axeitados.

- Este é o xoguete dela. ►
- Os amigos de vós son estranxeiros? ►
  - Os profesores deles son simpáticos. ►

### 10. Marca a oración que equivale a esta.

Ana ten coche de seu. ►

\_\_\_\_\_ Ana ten o coche do pai.

\_\_\_\_\_ Ana ten coche propio.